Unión Intercomarcal Ourense-Valdeorras.
Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia.
**Secretaría de Comunicación.** 618475684 e 686676853
Rúa Parque de San Lázaro nº 12-3º. Ourense.Tfno. 988391727

# Nota de Prensa:

## SENTENZA con DESPIDO NULO e INDEMNIZACIÓN para o afiliado a CCOO INDUSTRIA OURENSE en GRI TOWERS GALICIA (no Carballiño) por vulnerar a liberdade sindical.

A factoría de Eólicos GRI Towers Galicia coa súa planta sita en O Polígono da Uceira (O Carballiño) acaba de ser condeada por vulnerar o dereito á liberdade sindical dun dos seus traballadores afiliado a CCOO Industria Ourense, que fora despedido como represalia a súa vinculación coa sección sindical na empresa.

A sentenza considera que o despido é nulo por quedar probado que é unha represalia ao traballador pola a súa afiliación ao sindicato e a súa pretensión de inclusión na candidatura por CCOO Industria para as vindeiras eleccións sindicais. Unha vez máis, a xustiza da a razón os delegados da Sección Sindical de CCOO víctimas de este forte acoso por parte da empresa. Ademáis de declarar nulo o despido deberá aboar ao afectado unha indemnización por danos e perxuizos máis os salarios de tramitación.

Pola súa banda, CCOO Industria segue a denunciar que a sección sindical é obxeto de contínuas represalias por denunciar as graves irregularidades en materia de riscos laborais, polo incumprimento dos acordos acadados previamente coa empresa e asinados no Consello de RRLL de Galicia e pola negativa á empresa a calquera tipo de negociación. Estas actuacións da empresa obrigan a recurrir de maneira contínua a vía xudicial. Neste momento están pendentes varias causas entorno a esta represión sindical á que é sometida a sección sindical de este sindicato na empresa.

Para máis información:
**Eulogio González: 626467068**
Secretario da Sección Sindical de CCOO- Gri Towers Galicia Carballiño
**Justo Suárez: 616237694**
Secretario Xeral de CCOO Industria Ourense-Valdeorras